

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E CINCO DE AGOSTO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e dez minutos do día vinte e cinco de agosto de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o once de agosto do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.380/09 de dona Rosa María Calvo Méndez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, con cerca de madeira, de aproximadamente 340 mts de lonxitude, no lugar de Bazar -Trobe, en solo rústico de especial protección forestal (R-3) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser este viario municipal en solo rústico; garantirase o natuarl discorrer das augas e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter pervio ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse



os lindes con outros propietarios, de ser o caso e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza, en caso de levala, terá unha altura máxima de 1,00 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e un euros con corenta e catro céntimos (#191,44#)

2.2.- Instancia num. 1.417/09 de don Lino Sánchez Mallo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun peche de parcela con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 65 mts de lonxitude, no lugar de Texo, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal; garantirase o natural discorrer das augas e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cen euros con corenta e catro céntimos (#100,44#)

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación provisional das obras incluídas no proxecto de mellora e acondicionamento de parques infantís


Dáse conta das ofertas solicitadas ás empresas Construcciones Lemos Martínez, S.L; Construcciones Carballido Lavandeira, S.L; Construcciones Bamarti, S.L e Promotora Matimán, S.L para optar á adxudicación do proxecto de *Mellora e acondicionamento de parques infantís*, incluída na 1ª fase do *Plan Especial de Parques Infantís 2009 da Deputación Provincial*.

Dáse conta así mesmo que durante o prazo de presentación de proposicións só presentou a súa Construcciones Lemos Martínez, S.L, que oferta o prezo de setenta mil catrocentos un euros con vinte e tres céntimos (#70.401,23#), que representa unha baixa de cero (0,00#) euros sobre do tipo.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro. - Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de *Mellora e acondicionamento de parques infantís* á empresa Construcciones Lemos Martínez, S.L no prezo ofertado.

Segundo. - Notificar e requirir a Construcciones Lemos Martínez, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábi-



les seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva

Terceiro. - Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

4º.- Acordo, se procede, sobre do PEIM Rural 2009

Ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural de realizar con cargos ós seus orzamentos as obras de infraestructuras rurais (PEIM RURAL 2009) consistentes en pista Outeiro -Pico Sacro e Asfaltado Pista A Torre -Nande

A Xunta de Goberno acorda aceptar a execución da mesma en réxime de co-operación e comprométese a :

1.- Poñer a disposición, libre de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, a sí como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras

2.- A renunciar expresamente a reter da achega desa corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia

3.- Asumir -unha vez recepcionadas as obras provisionalmente, e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas

4º.- Facultar o Sr. Alcalde -Presidente para levar a cabo a sinatura do convenio

5º.- A obra non se someterá a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no referido artigo 72, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:

A) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución

B) Que resulten, ben dun cambio de natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva

6º.- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito concello

7º.- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen perxuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de agosto do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións ilegais que se están a levar a cabo no lugar de Silva de Arriba, parroquia de San Miguel de Sarandón



A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data doce de agosto do ano que andamos, pola que á vista das ofertas presentadas por Mafre, Catalana de Occidente, Axa, Allianz e Groupama para a contratación do seguro correspondente ó tractor John Deere, Matrícula E-7264-BFN, acórdase contratar con Catalana de Occidente o seguro a terceiros no prezo de oitenta e sete euros con noventa e seis céntimos (#87,96#)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de agosto do ano que andamos, pola que se acorda rescindir o contrato de don Manuel V. Carbia Méndez como axudante de recollida de lixo por non superar o periodo de proba, e ordénase a contratación de don Carlos Gamás Villanueva, atendendo á súa disposición para o traballo nesta administración durante os periodos que estivo contratado, para cubrir as vacacións do persoal de recollida de lixodende o 14/08/2009 ata o 18/09/2009

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de agosto do ano que andamos, pola que logo de informadas favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais as bases para a contratación dun técnico informático subvencionado pola Deputación provincial a través do programa para actividades xeral de promoción económica, apróbanse as mesmas

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de agosto do ano que andamos, pola que se conceden os tratamentos de fisioterapia a don Manuel Cabaleiro Tosar ; don José Rodríguez García; dona Clementina Alvela Neira e dona Esther Devesa López e se aproban as achegas dos usuarios

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitudes de atención domiciliaria

6.1.a.- Solicitud num. 1.422/09 de dona Mercedes Canicoba Santos

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita atención domiciliaria polo concepto de tarefas domésticos e apoio para atención persoal

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo solicitado de luns a venres: 30 horas /mes, a partir do 02/09/2009

2º.- Aprobar a achega da usuaria que ascende á cantidade de 2,40 euros/hora de acordo coa ordenanza reguladora do servizo

6.1.b.- Solicitud num. 1.240/09 de dona María Fuentes Vidal



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a atención domiciliaria polo concepto de tarefas domésticos e apoio para atención persoal.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo solicitado de luns a venres, a partires do 02/09/2009

2º.- Aprobar a achega da usuaria que ascende á cantidade de 1,20 euros/hora de acordo coa ordenanza reguladora do servizo

6.2.- Circular para a contratación das obras incluídas no Plan Especial de Iluminación e outros complementos nos campos de fútbol de herba artificial 2008

Dáse conta da circular remitida pola Deputación Provincial para a contratación da seguinte obras incluída na quinta e última fase do *Plan Especial de Iluminación e outros complementos nos campos de fútbol de herba artificial 2008*:

DENOMINACIÓN OBRA	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN
<i>Reforma ins. Ilum. No campo de fútbol de Sta Cruz de Ribadulla</i>	70.985,46	10.985,46	60.000

A Xunta de Goberno, de acordo co establecido na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) acorda proceder á súa licitación por procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Deputación e publicados no BOP N° 98/08 , do 29 de abril.

Conclúe ó fio das trece horas e cincuenta minutos

